

### **O PSOE preguntará ó PP se ó Conselleiro “Ile parece razoable” que os alumnos do Mato Vizoso pasen as horas de Educación Física na aula de informática**

Logo de constatar que os escolares levan meses sen recibir clases desta asignatura por mor das deficiencias que presenta o pavillón, e que Xunta e Concello continúan sen amosar a súa vontade para arranxalas, Vicente Docasar solicitará, no Parlamento, que o Partido Popular concrete “que ten pensado facer a Consellería” para que os estudantes volvan á normalidade educativa

Lamenta “que os rapaces sexan os que pagan as consecuencias da xestión dos Gobernos do PP”, pois cando o Concello recibiu fondos procedentes do Plan E, o PSOE xa alertara da situación, solicitando ó Goberno local que destinara unha dotación para a mellora destas instalacións, nas que xa daquela se apreciaban goteiras na cuberta

Tendo en conta que o Alcalde incrementou nun 100% o prezo do seu uso, os socialistas consideran que os populares “se deberían de ter preocupado algo máis” por este inmovible, que data de finais dos anos 80

**VILALBA, 4 DE FEBREIRO.-** O deputado autonómico, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, Vicente Docasar, vén de rexistrar varias iniciativas para coñecer as previsións do Goberno galego respecto da situación na que se atopan os alumnos e alumnas do CEIP Mato Vizoso de Vilalba, pois, durante este curso académico, non tiveron practicamente clase de Educación Física por mor das “lamentables” condicións nas que se atopa o pavillón do centro educativo, e que se viron notablemente agravadas nos últimos meses debido ás intensas choivas rexistradas. Estes feitos, provocan que, a día de hoxe, os escolares pasen as horas fixadas nesta asignatura na aula de informática.

“De todo isto, hai unhas vítimas claras, que son os rapaces e rapazas que cursan estudos neste colexio. Tanto a Xunta como o Concello son cómplices desta situación, pois non podemos esquecer que as competencias en Educación tenas a Consellería”. Por este motivo, subliña Docasar, “cremos que o Sr. Alcalde e o Sr. Conselleiro están sendo co-partícipes de que os estudantes non estén recibindo unha ensinanza axeitada e de que aínda non puidesen volver á normalidade educativa”.

#### **O PSOE xa dera a voz de alarma**

As deficiencias que presentan as instalacións deportivas orixináronse hai máis de dous anos. Co obxectivo de evitar “un mal maior” o PSOE deu a voz de alarma, pedindo, cando o Concello recibiu fondos procedentes do Plan E, que se destinara unha dotación para a súa mellora, pois xa daquela se apreciaban goteiras na súa cuberta. Nese momento, o Goberno local asegurou que se estaban a levar a cabo as xestións para obter unha subvención doutro organismo público, deixando entrever que a axuda ía proceder da Xunta de Galicia. Co paso do tempo, demostrouse que a entidade local “nin conseguiu os cartos, nin fixo nada, pois non hai máis que ver o deterioro que presentan o pavillón e o auditorio”.

#### **O PP non o arranxa, pero cobra polo seu uso**

A este respecto, o deputado autonómico considera que o Alcalde se tería que preocupar un pouco máis por esta instalación, que data de finais dos anos 80, pois o prezo que cobra a unha

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

asociación polo seu uso, encareceuse nos últimos anos no 100%. Concretamente, o custe fixado para empadronados no Concello é de 10 euros a hora e, para os residentes noutros municipios, de 20 euros.

### **“Os efectos da tixeira do Conselleiro”**

Para o socialista, o caso do centro educativo vilalbés, que conta con preto de 300 alumnos, forma parte “dos efectos da tixeira do Conselleiro”. Concretamente, durante a etapa de Feijóo, o departamento autonómico leva recortados en Educación 400 millóns de euros, de tal xeito que, en 2014, a Consellería investirá 20 millóns de euros menos nestas políticas. “Se non hai cartos, non hai investimento e, por tanto, non hai realidade. O peor de todo é que sempre pagan os mesmos, neste caso os alumnos”, concluíu Docasar.